



## NADAL 2022

**É TEMPO DE NADAL! E no Ludy vivirémolo a través das seguintes actividades:**

- **Nadal solidario.** Pedimos a colaboración das familias para a doación de alimentos á Cociña Económica da cidade. Nesta ocasión dinnos que agradecerían calquera dos seguintes (café soluble, azucre, vinagre, pan raiado, fariña, viño para cocinar, tomate triturado, botellíns pequenos de auga e leite). Poderedes participar doando o que consideredes traéndoo ao colexio a partir do día **12 de decembro e ata o 20 ás 9 horas.**

Entorno a esta actividade o alumnado de 5º e 6º de Primaria acudirá ás instalacións da Cociña o 19 de decembro para ver o seu funcionamento e o traballo de voluntariado.

- **Visita do Apalpador e Papá Noel.** As personalidades máxicas visitarán o centro na última semana deste trimestre.
- **Último día, 22 de decembro / Festival e notas.**

O alumnado poderá vir ao colexio con complementos ou prendas relacionadas co Nadal. Ademais recoméndase como merenda dese día doces destas datas.

O Festival será, como se acostumaba a facer neste centro, para todo o alumnado. Aínda así as familias poderán seguilo ao vivo na dirección online e hora que vos facilitaremos. E, por suposto, tamén en diferido co vídeo gravado.

As **notas** publicaranse por ABALAR o mesmo día 22 ás 14 horas. Cada alumno tamén levará copia impresa do boletín.

- O comezo do 2º trimestre será o **luns 9 de xaneiro**. Lembrae traer os libros de lectura obrigados para E. Primaria indicados para o 2º trimestre.

Bo Nadal!  
A Dirección

